



Confederación Intersindical Galega

**BBVA**

## *Pillaría*

**CIG-BBVA**, reclamou por escrito, enviado o pasado 23 de maio, á Dirección de Recursos Humanos do banco para que se procedese ó pago da “aportación do 6 % correspondente ós dous cuartos de paga máis do ano 2000” (Nómina de Marzo de 2001).

Esta aportación que debe efectuarse ó Fondo de Pensións, beneficia ó colectivo I (grupo BBV anterior a 8 de marzo de 1980), en total un número de 16000 compañeiros e compañeiras. Para CIG-BBVA, que reclamou dos responsables da empresa, aclaración e regularización da situación denunciada, a cuantía total que debe aportar BBVA é de, aproximadamente, 600.000 euros. Tocamos, nas categorías máis numerosas a 36 euros de media. A empresa ven de comunicar, agora, a súa intención de proceder a regularización, proximamente, solicitada por CIG-BBVA.



### **¿Esquecemento?**

*Non, pillaría laboral. De non ter mediado a reclamación de CIG-BBVA a dirección de relacións laborais da empresa, máis que tivese transcorrido tempo abondoso (máis de 18 meses), non semella que estivese pola labor de ingresar no Fondo de Pensións a cantidade correspondente ó 6 % que, regulamentariamente, corresponde ó colectivo beneficiario da maior paga do ano 2000. Resulta inconcebible a actitude do banco, por unha banda; e por outra, preguntámonos : ¿ Que fixeron, neste asunto, os outros sindicatos, especialmente os que asinaron o Pacto de Pensións?. Nada.*

## **Privanza**

CIG-BBVA, interesouse en diversos foros de participación polo proceso que vai seguir a empresa no empeño de integrar en Rede Comercial única a **BBVA Privanza**. A nosa preocupación e interese límitase ó aspecto laboral que vai parello o proceso xeral de absorción. Por unha banda, en xuntanza da Sección Sindical CIG-BBVA con responsables de Recursos Humanos da Territorial, así como posteriormente en reunión dos sindicatos coa dirección de Relacións Laborais, en Madrid, poidemos coñecer que a previsión que se manexa para efectuar a absorción do cadro de persoal de Privanza por BBVA, fíxase para Marzo do próximo ano. En tanto procúrase concretar o deseño da nova estratexia comercial que se pretende popularizar co nome de Servizo Financeiro Persoal, incluída a presunta negociación cos sindicatos da empresa dunha ampliación de horario que prolongaría a xornada (de xeito aberto e non clandestinamente como se ven producindo na práctica bancaria habitual) de forma ininterrompida pola mañán e pola tarde. Mesmo poidera dotarse ós xestores comerciais de material (teléfono móbil) que implicase unha disposición permanente á atención ó cliente. Entre tanto, os 3 traballadores de BBVA Privanza na Coruña, e tódolos demais, non votarán nas Eleccións en BBVA do próximo 18-D.